

Contra **o cancro de colon,**

**move**  
**o cu**

A **idade**, o **sobrepeso** e o **sedentarismo** son só algúns dos factores de risco. Porque, se é detectado a tempo, o cancro de colon **cura no 90 %** dos casos.

**#TodosContraElCáncer**

900 100 036

[asociacioncontraelcancer.es](http://asociacioncontraelcancer.es)



asociación  
española  
contra o cancro

# Coñeces cales son os factores que incrementan o risco de padecer cancro de colon?

Un factor de risco é aquel que incrementa o perigo de padecer unha enfermidade. No cancro de colon, moitos destes factores están relacionados co estilo de vida das persoas, como por exemplo a mala alimentación, o sedentarismo e o consumo de tabaco e de alcol.

O perigo tamén se incrementa coa idade. Por iso, a prevención e a detección precoz son fundamentais para aumentar a supervivencia. E é que, se é detectado a tempo, o cancro de colon pódese curar no 90 % dos casos.

Todas as persoas de risco medio, é dicir, entre os 50 e os 69 anos, teñen dereito a poder participar nos programas de cribado do cancro colorrectal a través da realización dunha sinxela proba, como é o test de sangue oculto nas feces (TSOF). Para iso, débese garantir unha cobertura destes programas próxima ao 100 %. Actualmente, hai comunidades autónomas en España onde a súa poboación non ten garantido este dereito.

## Algúns datos sobre o cancro de colon:

- O cancro é o problema sociosanitario máis importante do mundo. En España, o cancro colorrectal é o primeiro tipo de cancro máis frecuente, con 41.646 diagnósticos en 2022.
- Nove de cada dez persoas sobrevivirían ao cancro de colon se se lles detectase precozmente.
- Segundo un estudo realizado pola Asociación Española Contra o Cancro, case o 98 % da poboación coñece o cancro de colon e só un terzo cre que ten un risco persoal alto ou moi alto de desenvolvelo.